



# PLAN DIGITAL

## CIFP As Mercedes

Versión 1.0\_ xuño 2022

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1 Datos básicos do centro

Nome do centro: CIFP As Mercedes

Dirección: Avenida de Madrid, 75 C.P. 27002 Lugo

Teléfono: 982 82 80 01

Correo: [cifp.asmercedes@edu.xunta.gal](mailto:cifp.asmercedes@edu.xunta.gal)

Páxina Web: [www.cifpasmercedes.org](http://www.cifpasmercedes.org)

Ensinanzas:

A oferta educativa do centro para o curso 2021-2022 foi a que figura nas seguintes táboas xunto co número de alumnado por grupo:

Réxime ordinario	Alumnos	Grupo
1º Mantemento de vehículos	18	1
2º Mantemento de vehículos	13	1
1º Mantemento de vivendas	17	1
<b>TOTAL Ciclos formativos de grao básico</b>	<b>48</b>	<b>3</b>
1º Actividades comerciais	29	1
2º Actividades comerciais	12	1
2º Actividades comerciais (só FCT)	6	2
1º Carrozaría	22	1
2º Carrozaría	8	1
2º Carrozaría (só FCT)	0	0
1º Electromecánica de vehículos automóbiles	43	2
2º Electromecánica de vehículos automóbiles	26	1
2º Electromecánica de vehículos automóbiles (só FCT)	9	1
1º Instalacións frigoríficas e de climatización	15	1
2º Instalacións frigoríficas e de climatización	5	1
2º Instalacións frigoríficas e de climatización (só FCT)	2	1
<b>TOTAL Ciclos formativos de grao medio</b>	<b>177</b>	<b>13</b>
1º Automoción	22	1
2º Automoción	20	1
2º Automoción (só FCT)	4	1
1º Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	20	1
2º Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica	16	1
2º Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica (só FCT)	2	1

1º Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina	22	1
2º Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina	13	1
3º Mantemento aeromecánico de avións con motor de turbina	17	1
Mantemento aeromecánico (só FCT)	1	1
1º Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos	15	1
2º Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.	11	1
2º Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos (só FCT e /ou módulo de proxecto) <sup>12.</sup>	2	1
1º Márketing e publicidade	30	1
2º Márketing e publicidade	32	1
1º Xestión de vendas e espazos comerciais	14	1
2º Xestión de vendas e espazos comerciais	23	1
2º Xestión de vendas e espazos comerciais (só FCT)	1	1
<b>TOTAL Ciclos formativos de grao superior</b> <sup>15.</sup>	<b>265</b> <sup>16.</sup>	<b>18</b>

Réxime adultos	Alumnos	Grupos
Electromecánica de vehículos automóbiles	5	1
Electromecánica de vehículos automóbiles (só FCT)	3	1
Instalacións de produción de calor	28	1
<b>TOTAL Ciclos formativos grao medio</b>	<b>36</b>	<b>3</b>
Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e de fluídos	37	1
Transporte e loxística	253	2
Transporte e loxística (só FCT e/ou módulo de proxecto)	1	1
Xestión de vendas e espazos comerciais	5	1
Automoción	31	2
Márketing e publicidade	5	1
Comercio Internacional	59	1
Comercio Internacional (FCT e módulo de proxecto)	8	4
<b>TOTAL Ciclos formativos grao superior</b>	<b>399</b>	<b>13</b>
Dixitalización do mantemento industrial	14	1
Mantemento de vehículos híbridos e eléctricos	10	1

<b>TOTAL Cursos de especialización</b>	<b>24</b>	<b>2</b>
--	-----------	----------

Profesorado:

	<b>Definitivos</b>	<b>Provisional</b>	<b>Itinerante</b>	<b>Total</b>
<b>Mestres</b>	0	1	0	1
<b>PTFP</b>	22	12	0	34
<b>PES</b>	25	14	0	39
<b>Catedráticos</b>	0	0	0	0
<b>Outros</b>	0	0	0	0
				<b>74</b>

## 1.2 Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

### Características socioeconómicas e culturais do centro

O CIFP As Mercedes localízase na capital da provincia de Lugo, nunha cidade que conta actualmente cunha poboación de 97.613 habitantes (2021). Aínda que parte do alumnado que recibe o centro procede da propia cidade e arredores, hai moitos que proveñen doutras partes da provincia e, nalgúns casos, aínda que non son a maioría, veñen doutras provincias galegas, e mesmo doutras comunidades autónomas.

O centro atópase na zona sur da cidade nunha zona de carácter residencial, moi preto da zona universitaria e ao lado doutras instalacións interesantes para o alumnado como poden ser, a Escola Oficial de Idiomas, o Conservatorio de Música, e a Escola de Danza, o que pode supoñer un atractivo engadido para os e as estudantes que queiran compatibilizar este tipo de formación coas ensinanzas de formación profesional.

Ademais na área hai multitude de instalacións deportivas: piscina, ximnasios, pistas de atletismo...

En relación ao contexto socioeconómico da provincia, o sector servizos segue a ser o que emprega ao maior número de lucenses, cunha tendencia en ascenso os últimos anos, constituíndo o verdadeiro motor da economía provincial.

Actividades coma o Comercio ao por menor e ao por maior, a Reparación de vehículos de motor e motocicletas, a Instalación e o mantemento ou o Transporte e almacenamento ocupan os primeiros postos en canto a número de contratos realizados na provincia, o que repercute positivamente na taxa de inserción laboral do alumnado dos ciclos que se imparten no centro pois todos pertencen a familias profesionais relacionadas.

### Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Funcional do centro. Relación con outros plans e proxectos.

Dentro dos **obxectivos estratéxicos** que o centro ten recollidos **ata o ano 2024** está o de **mellorar a capacidade dixital do centro con repercusión en todo o alumnado**, isto conseguirase, entre outras cousas, a través da implantación deste Plan Dixital, que inclúe obxectivos como son, fomentar o uso de software libre entre profesorado e alumnado (**obxectivo nº 1 do PD**), instaurar procesos de avaliación que faciliten a autoavaliación, a retroalimentación e o seguimento por parte do alumnado da súa aprendizaxe empregando tecnoloxías dixitais (**obxectivo nº 4**), facilitar o acceso ao alumnado a coñecementos básicos de sistemas de solución de software (**obxectivo nº 5**) ou mellorar o coñecemento sobre a propiedade intelectual e os dereitos de autor no uso dos recursos dixitais (**obxectivo nº 8**).

A dixitalización do centro será clave tamén para a consecución de moitos outros dos obxectivos estratéxicos establecidos no Plan Anual:

- **Potenciar a formación continua do profesorado de FP:** o profesorado do centro participa activamente en accións formativas relacionadas coa implantación de novas tecnoloxías no

ensino, nese senso o **obxectivo nº2 do PD** será o de adecuar esa formación ás necesidades reais do profesorado.

- **Promover e incentivar a participación en actividades de innovación:** o CIFP participou en numerosas actividades de innovación os últimos anos, as accións neste eido irán dirixidas a tratar de manter este interese. Algunhas das iniciativas nas que se tomou parte os últimos cursos foron: FP Innova, Maker Faire Galicia, Aulas tecnolóxicas, Proxectos de innovación do MEFP...así, o **obxectivo nº6 do PD** vai na liña de fomentar a participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios empregando tecnoloxías dixitais.
- **Potenciar a visibilidade e difusión das alternativas que para a inserción laboral ofrece a FP:** relacionados con este obxectivo estratéxico estarían os **obxectivos nº 7 e nº 3 do noso PD** cuxas accións perseguen, no primeiro caso, o uso das tecnoloxías dixitais con fins de orientación profesional, e no segundo, a creación dunha base de datos de provedores de FCT a disposición do alumnado.
- **Promover o emprendemento entre o alumnado:** fomentar a cultura emprendedora é outro dos fins que o centro ten marcado, por tratarse dunha alternativa de inserción laboral, tamén se entende incluída no **obxectivo 7 do PD**, á súa vez, moitas das actividades relacionadas co emprendemento levadas a cabo no centro implican a realización de proxectos interdisciplinarios relacionados co emprego de tecnoloxías dixitais, polo que tamén se atopa dentro do **obxectivo nº 6 do PD**, un claro exemplo disto sería o proxecto do Ministerio de Educación y Formación Profesional de nome "*CIEES Network Proyecto para la instauración del programa de enseñanza-aprendizaje de la innovación*" que está a desenvolver o centro en colaboración con outros institutos de Castela A Mancha, País Vasco e Cataluña.

### Contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 22/23

Os departamentos e coordinacións implicados na implantación deste plan recollerán nas súas respectivas programacións para o curso 22/23 aquelas accións que estea previsto que teñan que desenvolver no marco deste documento, e aínda que a implicación será de todo o centro, algunhas das coordinacións/departamentos máis especificamente involucrados serán:

- A Coordinación TIC
- A Coordinación de innovación e formación do profesorado
- O Departamento de información e orientación profesional e a súa Coordinación de emprendemento
- O Departamento de relación con empresas
- Así como tódolos departamentos de familias profesionais e transversais.

### 1.3 Breve xustificación do mesmo

A elaboración do plan dixital ten a súa xustificación no regulado pola normativa vixente, máis concretamente en:

A Lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación.

Artigo 111 bis.

3. O Ministerio de Educación e Formación Profesional impulsará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, a compatibilidade dos formatos que poidan ser soportados polas ferramentas e contornas

virtuais de aprendizaxe no ámbito dos contidos educativos dixitais públicos, co obxecto de facilitar o seu uso con independencia da plataforma tecnolóxica na que se alberguen.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ofrecerá plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso a toda a comunidade educativa, que poderán incorporar recursos didácticos achegados polas Administracións educativas e outros axentes para o seu uso compartido. Os recursos deberán ser seleccionados de acordo con parámetros de calidade metodolóxica, adopción de estándares abertos e dispoñibilidade de fontes que faciliten a súa difusión, adaptación, reutilización e redistribución e serán recoñecidos como tales.

5. As Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade.

6. O Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

7. As Administracións públicas velarán polo acceso de todos os estudantes aos recursos dixitais necesarios, para garantir o exercicio do dereito á educación de todos os nenos e nenas en igualdade de condicións.

En todo caso, as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e os recursos didácticos que se empreguen, axustaranse á normativa reguladora dos servizos e sociedade da información e dos dereitos de propiedade intelectual, concienciando no respecto dos dereitos de terceiros.

#### Artigo 121. Proxecto educativo.

1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao Claustro, e impulsará e desenvolverá os principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos.

O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

2. Devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna.

3. No marco do establecido polas Administracións educativas, os centros establecerán os seus proxectos educativos, que deberán facerse públicos con obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, corresponde ás Administracións educativas contribuír ao desenvolvemento do currículo favorecendo a elaboración de modelos abertos de programación docente e de materiais didácticos que atendan ás distintas necesidades dos alumnos e alumnas e do profesorado.

O regulado na Resolución 18 xuño 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo para o curso 2021-2022, que na súa disposición adicional terceira. Plan dixital de centro, establece:

Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.

Por último xustifícase pola normativa concreta que regula o plan dixital na Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

## 1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital, tomouse como base as enquisas SELFIE e de competencia dixital elaborada pola Xunta. Seguíronse en todo momento as recomendacións dos mentores, e deuse a posibilidade de realizar achegas ao plan a todo o claustro de profesores.

Incorporáronse ao plan as distintas achegas realizadas polos docentes que quixeron participar no mesmo.

O traballo en grupo do equipo de dinamización foi a principal metodoloxía utilizada para a elaboración do plan, aproveitando as reunións do plan de formación específico.

## 2. Situación de partida

### 2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Con respecto á infraestrutura, e de maneira xeral o centro ten acceso a internet a través dunha rede cableada que alcanza todas as aulas e dependencias que precisan de acceso á rede.

O centro ten implementado, aínda que con uso restrinxido, a rede wifi Abalar para os alumnos, e profesores.

Desde o punto de vista do software cóntase con licenzas oficiais das seguintes aplicacións:

- Office 365
- EXIT ERP
- Programa de aduanas VISUALTRANS
- Autodesk AUTOCAD
- Autodesk Inventor
- NX Siemens
- TIAPortal
- RobotStudio
- CYPE
- Todos os computadores dispoñen de licenza oficial de WINDOWS.

De maneira máis concreta comentamos a dotación que ten o centro en medios TIC.

**Despachos do equipo directivo:** Cóntase con 5 equipos de sobremesa actualizados, e con 3 impresoras multifunción.

**Despachos das distintas coordinacións:** Cóntase con 2 equipos de sobremesa, 3 portátiles, e 2 impresoras multifunción.

**Despacho de orientación:** Cóntase con 1 ordenador de sobremesa, e 1 equipo multifunción.

**Secretaría do centro:** 3 computadores de sobremesa, e 2 equipos multifunción.

**Departamento de Comercio e Marketing:** Cóntase con 14 computadores de sobremesa, 1 portátil, e un equipo multifunción. O departamento conta ademais cun servidor “enrracable”, que aloxa o EXIT ERP, 1 plotter de corte Roland, e 1 plotter impresor HP.

**Departamento de automoción:** Dispónse de 3 equipos de diagnoses, 2 con Autel Maxisys 908 S, e 1 con Bosch KTS 570.



**Sala de profesores:** Cómtese con 13 equipos de sobremesa, 1 equipo multifunción grande e 2 equipos multifunción pequenos.

### **Planta baixa**

**Aulas de 01 a 10:** Cómtese con 1 equipo de sobremesa en cada aula.

**Talleres de 01 a 10:** Cómtese con 1 equipo de sobremesa en cada taller.

**Aula de Aero mecánica:** Cómtese con 1 simulador de voo.

**Biblioteca:** Cómtese con 3 computadores de sobremesa, 1 multifunción, 1 impresora de etiquetas, e unha pantalla de televisión.

**Sala de gardas:** Dispónse de 1 ordenador de sobremesa, e 1 portátil.

**Aula técnica:** Cómtese con 24 computadores de sobremesa (dotación).

### **Planta primeira (zona nova)**

**Aula polivalente 11:** Cómtese con 18 computadores de sobremesa (dotación), 1 equipo multifunción, e un plotter de impresión.

**Aula taller 12:** Cómtese con 1 equipo de sobremesa, e un brazo robótico ABB 1400.

**Aula técnica 13:** Cómtese con 8 equipos de sobremesa, 2 portátiles, 2 impresoras 3D, 1 equipo multifunción, 1 equipo de mecanizado pequeno marca Roland, e 1 equipo de mecanizado grande marca Microcut.

**Aula Schneider:** Cómtese con 16 computadores de sobremesa (dotación), 1 equipo multifunción, e 10 equipos de automatización doados por Schneider.

**Aula de edificios e procesos:** Cómtese con 2 equipos de sobremesa, e 1 equipo multifunción.

**Aula taller 10:** Cómtese con 1 ordenador de sobremesa (dotación), 1 equipo multifunción, 1 portátil (dotación), 1 lentes 3D Hololens (dotación), e 2 lentes 3D Oculus (dotación).

**Aula tecnolóxica:** Cómtese con 1 cortadora de poliestireno, 1 cortadora laser (dotación), 1 pantalla táctil interactiva (dotación), e 1 brazo robótico Universal Robots

### **Planta primeira (zona vella)**

**Aula 12:** Cómtese con 1 equipo de sobremesa (dotación obsoleto).

**Aula 13:** Cómtese con 1 equipo de sobremesa, e 1 portátil (dotación obsoletos).

**Aula 14:** Cómtese con 12 computadores de sobremesa (dotación, 1 deles obsoleto).

**Aula 15:** Cómtese con 13 computadores de sobremesa (dotación), 1 equipo multifunción, e 1 plotter de impresión HP.

**Aula 16:** Cómtese con 18 computadores de sobremesa, 1 portátil, e 1 equipo multifunción (todo de dotación).

### **Planta segunda**

**Aula 21:** Cómtese con 1 ordenador de sobremesa (dotación), e 28 portátiles.

**Aula 22:** Cómtese Cómtese con 26 computadores de sobremesa (dotación obsoletos).

**Aula 23:** Cómtese con 23 computadores de sobremesa.

**Aula 24:** Cómtese con 33 computadores de sobremesa (dotación desfasados).

**Aula 25:** Cómtese con 18 computadores de sobremesa (dotación).

**Aula 26:** Cómtese con 12 computadores de sobremesa e 3 TPV completos.

## **2.2 Fontes empregadas para o anánile DAFO**

Resumo da información das áreas do informe SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
<b>A -Liderado</b>	Equipo Direct.					3

	Profesorado				2,6
	Alumnado				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.				3,3
	Profesorado				2,6
C- Infraestruturas e Equipos	Alumnado				2,8
	Equipo Direct.				3,7
	Profesorado				3,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Alumnado				3
	Equipo Direct.				3,8
	Profesorado				3,1
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Alumnado				3,8
	Profesorado				3,9
	Equipo Direct.				3,5
F- Pedagogía: Implementación na aula	Alumnado				3,2
	Profesorado				3,3
	Equipo Direct.				3,1
G- Prácticas de avaliación	Alumnado				2,9
	Profesorado				3,1
	Equipo Direct.				2,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Alumnado				3
	Profesorado				2,7
	Equipo Direct.				3

#### Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	24	46	52,2%
PROVISIONAL	9	20	45%
INTERINO	1	8	12,5%
SUBSTITUTO	3	8	37,5%
DESPRAZADO			

#### Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,7	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

#### Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
F.P	78,7	Integrador/a (B1)	80,2	Integrador/a (B1)

### 2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍA	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>Disponse dunha infraestrutura dixital sobradamente axeitada, desde o punto de vista cuantitativo e cualitativo para respaldar o proceso de ensino aprendizaxe. Dispón de servizo técnico para a solución de problemas.(C1-C5)</li> <li>Permítese o uso de dispositivos propios, e no seu defecto o uso de dispositivos propiedade do centro que pode usar o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Os espazos físicos poderían estar mellor deseñados de cara a unha aprendizaxe óptima con tecnoloxías dixitais. (C1)</li> <li>Coñecemento da dispoñibilidade e uso de software libre.</li> </ul>

	<p>alumnado. Facilitase en todo momento o acceso a internet de calquera dos dispositivos. (C2-C3)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sistema de protección de datos. (C7)</li> <li>• Repositorios u bibliotecas en liña con contidos de ensino aprendizaxe. (C16)</li> <li>• Equipamento mercado polo propio centro.</li> </ul>	
<b>PERSOAL DOCENTE</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude positiva por parte da dirección e os docentes para a exploración de novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. (A3)</li> <li>• No centro avalíanse os progresos de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (B1)</li> <li>• Nos casos de colaboración do centro con outras organizacións, empréganse tecnoloxías dixitais. (B3)</li> <li>• Debátese sobre as necesidades de desenvolto profesional continuo (DPC), e dispónse de oportunidades de DPC no relativo ó emprego de tecnoloxías dixitais específicas para as materias que imparten. (D1)</li> <li>• O profesorado usa e crea recursos dixitais, así como entornas virtuais de aprendizaxe, para reforzar a súa labor de ensino aprendizaxe, e usa as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ó centro. (E2)</li> <li>• Úsanse actividades de aprendizaxe que motivan, fomentan a creatividade, e a colaboración entre a alumnado. (F3)</li> <li>• Utilízanse tecnoloxías dixitais para avaliar e retroalimentar as habilidades dos alumnos. (G1)</li> <li>• Actitude positiva por parte da dirección e os docentes para a exploración de novas formas de ensino con tecnoloxías dixitais. (A3)</li> <li>• No centro avalíanse os progresos de ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais. (B1)</li> <li>• Nos casos de colaboración do centro con outras organizacións, empréganse tecnoloxías dixitais. (B3)</li> <li>• Debátese sobre as necesidades de desenvolto profesional continuo (DPC), e dispónse de oportunidades de DPC no relativo ó emprego de tecnoloxías dixitais específicas para as materias que imparten. (D1)</li> <li>• O profesorado usa e crea recursos dixitais, así como entornas virtuais de aprendizaxe, para reforzar a súa labor de ensino aprendizaxe, e usa as tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ó centro. (E2)</li> <li>• Úsanse actividades de aprendizaxe que motivan, fomentan a creatividade, e a colaboración entre a alumnado. (F3)</li> <li>• Utilízanse tecnoloxías dixitais para avaliar e retroalimentar as habilidades dos alumnos. (G1)</li> <li>• Debate sobre as vantaxes e desvantaxes do uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino aprendizaxe. (B2)</li> <li>• Medidas para identificar as dificultades que xurdan co aprendizaxe mixto, por parte de alumnos e profesores, tendo en conta o contexto socioeconómico dos alumnos. (C11)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• A ausencia de estratexia dixital impide involucrar ó profesorado. (A1-A2)</li> <li>• Oferta de formación nalgúns casos pouco axeitada ás necesidades de formación.</li> </ul>
<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
<b>ALUMNADO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os alumnos con necesidades educativas especiais teñen acceso a tecnoloxías asistenciais. (D5)</li> <li>• Impártense charlas sobre a utilización responsable e de xeito seguro de internet. Os alumnos aprenden a valorar se a información que obteñen na rede é fiable e precisa. (H1-H3-H4)</li> <li>• Os alumnos aprenden a comunicarse, crear</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Os alumnos non son quen de resolver problemas técnicos que poidan xurdir ó empregar tecnoloxías dixitais. (H13)</li> <li>• Base de datos a disposición dos alumnos de provedores de formación en centros de traballo. (C17)</li> <li>• Tecnoloxías dixitais para que o alumno documente, e reflexione sobre a súa aprendizaxe, e que poda facer observacións</li> </ul>

		<p>contidos dixitais, e adquiren as habilidades dixitais para as distintas materias. (H7-H8)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Os alumnos aprenden habilidades dixitais relacionadas coa súa cualificación profesional. (H15)</li> <li>Seguimento das tarefas na aula virtual.</li> </ul>	<p>construtivas sobre o traballo dos seus compañeiros. (G5-G8)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Acceso dos alumnos ás ensinanzas cunha base normalizada de coñecementos básicos das distintas solucións de software (compresores, ofimática, programación). (H11)</li> <li>Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais. (F6)</li> <li>Uso de tecnoloxías dixitais con fins de orientación profesional. (F8)</li> <li>Valoración axeitada do traballo que outras persoas poñen a disposición do público en xeral en internet. (H6)</li> <li>Páxina web do centro con pouca información.</li> </ul>
	<b>FAMILIAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Notificacións a través da aplicación AbalarMobil</li> </ul>	
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Falta de tempo para poder explorar novos métodos de ensino, ou mellorar os establecidos con tecnoloxías dixitais. (A4)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Emprego de recursos dixitais só para difundir información.</li> </ul>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>Excesiva burocracia na solicitude de equipamentos dotacionais.</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Persoal do centro ten conciencia da importancia de respectar os dereitos de autor e o uso de licencias de uso. (A5)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Límite cuantitativo nos contratos menores.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>		
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Colaboración do centro con empresas externas para a participación e desenrolo da estratexia dixital do centro. (A6)</li> <li>Colaboración con outras organizacións. (B4)</li> <li>Uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación periódica, na alternancia dos alumnos entre o centro e as empresas de formación. (B6)</li> </ul>	

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións

#### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTOS						
<b>OBXECTIVO 1</b>	1. Fomentar o uso de software libre ou gratuito entre profesorado e alumnado (Pregunta específica nº5)				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo de dinamización TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia de procesos de aprendizaxe para autoformación do alumnado e profesorado en software libre ou gratuito					
<b>Valor de partida</b>	Inexistencia de referencias de formación e recursos nas aulas virtuais cos que conta o alumnado					
<b>Valor previsto e data</b>	Todo o profesorado deberá de ter 1 unidade de aprendizaxe de software libre e links a recursos gratuítos de traballo na AV			Xuño 2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Elaborar unha relación de distinto software libre ou gratuito de interese común por cada departamento.	Xefes de Departamento	Xuño 2023	Enquisas web, profesorado dos Departamentos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Incluir nas instrucións de inicio de curso dadas dende as	Xefes de Departamento	Setembro 2023	Instrucións de inicio de curso para a elaboración de programacións		Realizada	
					Aprazada	

<p>xeaturas de departamento para a elaboración das programacións, incluír o uso de software libre ou gratuíto polo menos como recurso obrigatorio nalgunha das actividades do curso.</p>					Pendente	
<p>A01.3: Organizar unha xornada de formación para o profesorado sobre uso de software libre e gratuíto que se recolle na relación dos departamentos como de interese común entre departamentos.</p>	<p>Persoa coordinadora TIC/Formación</p>	<p>Setembro de 2023 (antes de comezo das actividades lectivas)</p>	<p>Expertos nas distintas ferramentas de uso común aos departamentos</p>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<p>A01.4: Crear unidades de aprendizaxe de APP empregadas no centro e compatibles coas AV para que cada profesorado comparta na súa, no que existan pequenas explicacións e exercicios para autoformación do alumnado e profesorado en software libre e links a gratuíto.</p>	<p>Persoa coordinadora TIC/Formación/ claustro</p>	<p>Setembro 2024</p>	<p>Docentes con horas libres de dedicación a iso (nos 3º trimestre)</p>		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PERSOAL DOCENTE							
<b>OBXECTIVO 2</b>	2.Oferta de formación nalgúns casos pouco axeitada ás necesidades de formación. (D1-D2)					Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo directivo,coordinador TIC e coordinador Innovación e Formación do Profesorado.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia de un Curso en Aula Virtual onde se graven os diferentes cursos que se impartan para profesorado en novas tecnoloxías intentando que sexan o máis audiovisuais posibles.						
<b>Valor de partida</b>	Inexistencia dunha relación de necesidades de formación a nivel de tecnoloxías dixitais dende as básicas as máis específicas.						
<b>Valor previsto e data</b>	Existencia dun Curso en Aula Virtual con títulos axeitados para aplicación das diversas tecnoloxías dixitais.				31 de marzo do 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO2.1:Estudio da necesidade de formación.	Coordinador TIC Coordinador IFP	Mes de outubro curso 2022-2023	CAFI e CFR.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2:Realización dos cursos da formación axeitada.	Coordinador TIC Coordinador IFP	Mes de outubro curso 2022-2023 ata mes de maio 2023-2024	Aulas e Talleres. Equipos informáticos. Cámaras e teléfonos móbiles con plataforma de estabilidade.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Curso na Aula Virtual da páxina do centro.	Coordinador TIC Coordinador IFP Equipo directivo	Xuño de 2023-2024	Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Alumnado						
<b>OBXECTIVO 3</b>	C.17 Crear una base de datos a disposición dos alumnos de provedores de formación en centros de traballo.				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo directivo, coordinador/a TIC, coordinador/a FCT, e titores de FCT				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia dunha base de datos accesible para os alumnos, na que poidan consultar os provedores de formación en centros de traballo a facilitarlles a selección de empresas onde realizar a FCT.					
<b>Valor de partida</b>	Inexistencia dunha base de datos a disposición dos alumnos cos provedores de formación en centros de traballo.					
<b>Valor previsto e data</b>	Existencia dunha base de datos a disposición do alumnado cos provedores de formación en centros de traballo.			31 de marzo de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
<b>AO3.1: Diseñar e programar unha base de datos de provedores de FCT</b>	Coordinador/a TIC e responsable de mantemento TIC do centro	1º trimestre	Aplicación web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO3.2: Despregar, probar e mecanizar os datos de provedores de FCT</b>	Equipo directivo, coordinador/a TIC, e coordinador/a FCT	Mes de febreiro do curso 2022-2023	Dominio e aloxamento con tráfico suficiente para o despregue da base de datos		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO3.3: Publicitar a base de datos entre os alumnos que accedan á FCT	Equipo directivo, coordinador/a TIC e titores de FCT	Mes de marzo do curso 2022-2023	Coordinador/a TIC e titores de FCT		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Prácticas de avaliación						
<b>OBXECTIVO 4</b>	G.5 a G.8: Instaurar procesos de avaliación que faciliten: 1-a autoevaluación e a coevaluación 2-a retroalimentación entre o propio alumando 3-o seguimento por parte deste, da súa aprendizaxe				Acadado	
<b>Responsable</b>	Claustro				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Porcentaxe de membros do claustro que, na aula virtual do centro, utilicen alomenos dous dos tres procesos comentados					
<b>Valor de partida</b>	Baixa porcentaxe de membros do claustro que na aula virtual do centro, utilizan alomenos dous dos tres procesos comentados (3% segundo informe SELFIE)					
<b>Valor previsto e data</b>	Que o 6% do profesorado utilice na aula virtual do centro, alomenos dous dos tres procesos comentados			20/12/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		

				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Organizar formación específica sobre os procesos a instaurar	Coordinador de formación Equipo directivo	30/11/2022	CAFI e/ou CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formar no uso das ferramentas da aula virtual, relacionadas cos procesos a instaurar	Coordinador de formación Equipo directivo	15/03/2023	CAFI e/ou CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Implantar as ferramentas e utilizar as mesmas	Claustro Responsable da aula virtual Equipo directivo	30/06/2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Realizar enquisa entre o profesorado sobre o cumprimento do valor previsto para o obxectivo	Coordinador de formación Equipo directivo	20/12/2023	Aula virtual e/ou ferramentas para a realización de enquisas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

**Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo**

**Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO**

<b>OBXECTIVO 5</b>	H10 e H11. Facilitar o acceso ao alumado a coñecementos básicos das distintas solucións de software (compresores, ofimática, programación...)			Acadado		
<b>Responsable</b>	Equipo directivo e equipo de dinamización TIC			Non acadado		
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia dunha fonte de recursos dixitais seleccionados					
<b>Valor de partida</b>	Non existe unha fonte de recursos dixitais seleccionados					
<b>Valor previsto e data</b>	Existe unha fonte de recursos dixitais seleccionados			Ao inicio do curso 2023-2024		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Recoller información nos distintos departamentos sobre o que consideran coñecementos básicos dixitais que debe ter o alumnado para un adecuado seguimento dos seus módulos.	Equipo directivo Coordinador/a TIC	Decembro 2022	Documento de recollida de datos Persoa coordinadora e persoas de dirección		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Organizar os contidos para a creación dun repositorio de recursos dixitais básicos	Equipo de dinamización TIC	Maio 2023	Recursos dixitais Membros do equipo de dinamización TIC		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A05.3: Crear na aula virtual do centro un curso de libre acceso con recursos dixitais básicos	Responsable Aula Virtual Equipo de dinamización TIC	Xuño 2023	Responsable AV e membros do equipo de dinamización TIC Espazo en Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Difundir a existencia dun curso de libre acceso con recursos dixitais básicos na aula virtual do centro	Equipo directivo Equipo de dinamización TIC Profesorado	Setembro-Outubro 2023	Dirección e resto de profesorado do centro Correo electrónico e Mensaxería Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

<b>Área/s de mellora: Alumnado</b>						
<b>OBXECTIVO 6</b>	F.6 Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinarios utilizando tecnoloxías dixitais.				Acadado	
<b>Responsable</b>	Xefes de departamento de familias profesionais – área de formación, coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Número de proxectos de innovación interdisciplinario desenvolvidos con utilización de ferramentas TIC					
<b>Valor de partida</b>	De todos os proxectos de innovación solicitados no curso anterior, non hai ningún interdisciplinario					
<b>Valor previsto e data</b>	Solicitar no curso 2022-2023 a lo menos un proxecto de innovación interdisciplinario.			febreiro de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	

AO6.1: Propoñer proxectos que teñan como finalidades o traballo cooperativo e colaborativo dos alumnos. Selección de alumnos e profesores participantes.	Xefes de departamento das familias profesionais e coordinador/a TIC	Reunión da área de formación do mes de novembro	Debate de ideas na área de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Presentar a solicitude do proxecto de innovación interdisciplinario	Equipo directivo	Mes de febreiro do curso 2022-2023	Presentación de solicitudes a través de internet		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Poñer en marcha do proxecto	Equipo de alumnos e profesores integrantes do proxecto interdisciplinario	Xuño de 2023	Proxecto de innovación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO 7</b>	F8: Usar as tecnoloxías dixitais con fins de orientación profesional				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo directivo, coordinador/a TIC, xefe/a de departamento DIOP e membros do departamento de FOL				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia dun espazo virtual no centro con fins de orientación profesional					
<b>Valor de partida</b>	Non existe un espazo virtual no centro con fins de orientación profesional					
<b>Valor previsto e data</b>	Existe un espazo virtual no centro con fins de orientación profesional			Ao remate do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		

				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1:Organizar contidos para a creación dun espazo na aula virtual do centro con fins de orientación profesional.	Coordinador/a TIC Xefe/a Departamento DIOP Membros Departamento FOL	Marzo 2023	Persoa coordinadora Responsables DIOP e FOL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2:Crear un curso de libre acceso na aula virtual do centro con fins de orientación profesional.	Responsable Aula Virtual Xefe/a Departamento DIOP	Marzo 2023	Responsable Aula Virtual e DIOP Espazo virtual Moodle		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.3:Difundir entre a comunidade educativa a existencia dun curso de libre acceso na aula virtual do centro con fins de orientación profesional.	Equipo Directivo Coordinador/a TIC Membros Departamento FOL	Marzo 2023	Responsables da Dirección, persoa coordinadora TIC e membros do Departamento FOL Mensaxería Abalar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: LIDERAZGO						
<b>OBXECTIVO 8</b>	A5. Mellorar o coñecemento sobre a propiedade intelectual e dereitos de autor no uso dos recursos dixitais.				Acadado	
<b>Responsable</b>	Equipo directivo e coordinador/a TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO</b>	Existencia dunha guía de centro sobre a propiedade intelectual e os dereitos de autor					
<b>Valor de partida</b>	Non existe guía de centro sobre a propiedade intelectual e os dereitos de autor					
<b>Valor previsto e data</b>	Existe guía de centro sobre a propiedade intelectual e os dereitos de autor				2º Trimestre curso 2022-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: Crear unha guía sobre a propiedade intelectual e dereitos de autor	Equipo directivo Coordinador/a TIC	Decembro 2022	Persoal de dirección e persoa coordinadora TIC Documento coa guía		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: Promocionar o respecto dos dereitos de autor mediante a difusión da guía na páxina web do centro	Equipo directivo Coordinador/a TIC	Febreiro 2023	Persoal de dirección e persoa coordinadora TIC Páxina web corporativa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto ás infraestruturas tecnolóxicas sería desexable mellorar a conexión WIFI, quizais un dos poucos problemas coa rede que ten o centro.

Con respecto ao equipamento, en termos comparativos o centro ten unha dotación que para se mesmos quixesen outros centros, iso non é impedimento para tratar de mellorar o equipamento de que se dispón, mediante a reposición por parte da Consellería daqueles equipos que están obsoletos.

Os respectivos xefes de departamento das distintas familias profesionais do centro deberán incluír nas súas programacións no apartado que corresponda as necesidades de medios TIC que precisa cada unha delas, para cursar a correspondente solicitude á Consellería, ou na súa falta realizar o aprovisionamento destes de maneira propia.



## 4. Avaliación do plan

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción

O seguimento do plan farase a través da análise trimestral de cada acción prevista para a consecución de cada obxectivo proposto. Cada obxectivo xa conta cuns indicadores específicos que axudarán a determinar se o este foi acadado ou se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen. Este consistirá en realizar unha valoración da acción (9) e a declaración do estado (10) da mesma. Os indicadores de avaliación do plan anualmente serán:

- Eficacia ou utilidade do plan nos distintos ámbitos.
- Estrutura organizativa para a elaboración e implementación do plan.

Os instrumentos usados para a avaliación serán principalmente as enquisas dixitais de satisfacción dirixidas aos distintos usuarios do plan (profesorado, alumnado, familias, ...) e entrevistas informais entre o persoal que participa no desenrolo do propio plan (equipo plan dixital, claustro, coordinador TIC,...). Estableceranse valores aceptables de resultado destas enquisas que serán revisadas polo Equipo do plan dixital para o seu traslado ao Equipo directivo.

### 4.2 Propostas de mellora - revisión

Anualmente, procederáse á avaliación final que consistirá na elaboración dun informe no que se recollerán os resultados, aspectos negativos, positivos e propostas de mellora para vindeiros cursos e a valoración do logro dos obxectivos.

## 5 Difusión do PD

A difusión do plan dixital do centro entre a comunidade educativa realizarase a través dos seguintes medios:

- A páxina web corporativa.
- As redes sociais do centro.
- Abalar Móbil
- E no caso dalgunhas accións máis concretas, tamén mediante a Aula Virtual.

Sen prexuízo de calquera outra comunicación que deba realizarse a través dos correspondentes órganos de goberno, participación e coordinación do CIFP: Claustro, Consello Social...

Á súa vez as accións concretas que está previsto desenvolver para a consecución dos obxectivos marcados no plan dixital, e que precisen publicidade, teñen asociado o seu propio protocolo de difusión e unha temporalización para ese fin, como se pode observar nas táboas correspondentes recollidas no apartado 3 deste plan dixital.